



Lontra (*Lutra lutra*) Especie de 2015

 proxectoríos





Foto: Ramsés Pérez

A especie do ano

Na actualidade son moitas as especies de fauna e flora asociadas aos ecosistemas acuáticos que están escasamente estudadas ou sobre as que interesa seguir investigando e recollendo datos.

A nosa intención é facer partícipe á rede de voluntariado de Proxecto Ríos para avanzar no estudo, inventariado e/ou divulgación das especies de ribeira.

Proxecto Ríos dedicarlle cada ano a unha especie. Podendo ser unha árbore, ave, mamífero, insecto, ou mesmo unha especie invasora coa intención de contribuír ao coñecemento da súa distribución e outros aspectos da súa ecoloxía.

Cando sexa posible, crearanse colaboracións ou sinerxias con outras entidades co obxecto de apoiar investigacións, sondaxes existentes ou iniciar o estudo daquelas especies das que apenas existan datos ou precisen de actualización.

A lontra (*Lutra lutra*), especie do ano 2015

A lontra é seguramente o mamífero que máis asociamos á auga e aos ríos, aínda que tamén teña presenza en boa parte do noso litoral. Este carnívoro, que durante un tempo chegou a estar en declive como moitos dos ríos nos que habitaba, hoxe en día estase a recuperar e non é difícil ver rastros ou individuos desta especie.



IV Sondaxe de lontra

A SECEM (Sociedade Española para a Conservación e Estudo dos Mamíferos) está a realizar durante os anos 2014 e 2015 a **IV Sondaxe de Lontra** coa finalidade de determinar a súa presenza nos ríos, encoros e costas de todo o Estado. Desde 1984 realízase cada 10 anos un censo estatal da distribución da lontra paleártica (*L. lutra*), para analizar como evolúen as súas poboacións.

En Galicia, os traballos de sondaxe da lontra están a ser coordinados polo Dr. Rafael Romero, mostraxes que seguen un protocolo estandarizado que permite a integración dos resultados en bases de datos europeas.

Desde o Proxecto Ríos consideramos de interese escoller a lontra como especie do ano 2015, e así colaborar neste inventario ao que se están a sumar outras persoas e entidades de todo o Estado.

Participación e Formación

Aqueles grupos de Proxecto Ríos que queirades participar na sondaxe deberedes enviarnos un mail indicando cal é o río no que realizar a sondaxe coa finalidade de coordinar os traballos e así poder definir cal é a cobertura desta iniciativa en Galicia. Para a mesma será preciso asistir ao curso de formación que se celebrará os día 18 de abril na Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con (Vilagarcía de Arousa).

Se queredes participar, poñédevos en contacto con nós:

Ramsés Pérez

ramses@adega.gal

Telf. 981 57 00 99

Móbil. 616 23 80 50





<https://www.facebook.com/gruponutria>



www.proxectorios.org

www.facebook.com/ProxectoRios

info@proxectorios.org

Travesa de Basquiños N° 9 15.703

Santiago de Compostela

A Coruña